

Un retorno perenne a Neda

Miro Villar

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VILLAR, MIRO (2011 [2008]). “Un retorno perenne a Neda”. *Grial*: 180, 106-108. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/38>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2008). “Un retorno perenne a Neda”. *Grial*: 180, 106-108.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UN RETORNO PERENNE A NEDA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE VICENTE ARAGUAS *XUVIA REVISITADA*, 2008]

Miro Villar

“Así é como te vexo, despois de tantos anos / adorando o teu nome, / deixándome levar por ti”, son os tres primeiros versos de [107] *Xuvia revisitada*, polo que non debe ser froito da casualidade que o poeta Vicente Araguas dese ao prelo este libro cando se fai un cuarto de século da publicación de *Xuvia* (1983), co que se inauguraba a colección “Cuaderno da Gadaña poesía” de Brais Pinto, a editora de raíz galega en Madrid. Tampouco o debe ser o feito de utilizar un título de ecos persoanos nesta nova entrega, malia que a estética está moi lonxe do *Lisbon revisited* (1926) de Pessoa e o encabezamento só recolla a intención do autor de regresar a espazos do seu mundo persoal xa poetizados. De feito o propio Araguas ten dito estar moito máis próximo do *Highway 61 Revisited* de Bob Dylan, cantautor ao que entregou moitas horas de estudo e análise.

Ora ben, este diálogo non se limita a andar camiños trillados senón que ilumina aspectos aínda antes non tratados. De feito, a pesar das evidentes coincidencias son moitas tamén as diverxencias entre un e outro libro. Con todo, algún día debería acometerse a tarefa de xuntar os versos nun mesmo volume para decatármonos do fío argumental que os atravesa e que os une de maneira sólida, a trabe da lectura sen pausa dun e doutro título é abondo reveladora desta simbiose poética.

As sinerxias veñen dadas por unha estrutura semellante, así *Xuvia* presentaba un esclarecedor prólogo do poeta Pepe Cáccamo e *Xuvia revisitada* faino tamén da man da xornalista Verónica Palomares e se o primeiro falaba da “reiteración obsesiva dos espazos da terra da nenez e dos tempos desa mesma inocencia”, a segunda fala “dunha mirada que outorga unha nova existencia a todo o pasado” e subliña que “o poeta compón a xeografía minuciosa da memoria”. Se *Xuvia* viña en tres partes, *Xuvia revisitada* faino agora en catro: «Portazgo», «Empedrón», «Toeleira» e a máis longa «Ponte de Xuvia, ponte de Neda», mais con íntima ligazón entre elas.

Outros elementos comúns veñen dados pola presenza da casa, nomeadamente nos poemas «1941» ou «Agora que aínda poido sentirme pai do meu pai»; as trasnadas e os xogos infantís ou da mocidade en «Rapazolos do Empedrón revisitados» (título que lembra a «Os rapazolos do Empedrón» de *Xuvia*) ou «Un golpe de mazá»; tamén as lecturas desa idade, neste caso os cómics Novaro que alternan con outras de máis corpo, como a mención de Malachi “Buck” Mulligan, o personaxe do *Ulysses* de Joyce que aparece no significativo «Como ler a pequena Lulú en mañá de domingo»; novamente as tardes cinematográficas en «Discordia ou oferenda do cine Principal» ou nas referencias a películas daquel tempo en «Niza: Promenade» como as míticas *Hatari* (1962) de Howard Hawks ou o menos coñecido musical infantil *Os cinco mil dedos do doutor T.*; tamén as

tardes no salón de baile, agora en «Chove no verán e alguén, sombra de sombra, volve correndo do Hispano-Argentino» e a reiteración doutras temáticas como a música, pois de novo aparece o jazz en «Con rosas a John Coltrane na Illa da Repunta», que xa se citaba no poema «A illa da Repunta entón arela» de *Xuvia*. Concomitancias hai entre «Ara Iovis» de 1983 e «Ara Iovis de novo», no que ademais explica a relación da expresión latina co topónimo actual da vila ferrolá ou entre «Río Xuvia» de 1983 e a presenza do río en moitos dos poemas de *Xuvia revisitada*.

E aínda é común a presenza da represión franquista, desta volta nos magníficos «28 de setembro de 1936» e «Esa nena», este último en prosa, que lembran aquel «Agachado (Verán do 36)» de *Xuvia*. Como tamén o é a presenza dun poema final, a xeito de despedida, o longuísimo «Tango (pra ser soterrado en Santa María de Neda)» na entrega de 1983 e nesta do 2008 o brevísimo «Epitafio (na tomba que me agarda en Santa María de Neda)» co que se lle dá cabo ao libro.

Porén, *Xuvia revisitada* amosa unha meirande maduración, mesmo estilística, pois agora o ritmo e a musicalidade de toda a poesía de Araguas enriquecese cunha maior presenza de combinacións de heptasílabos e hendecasílabos brancos, con poemas en alexandrinos de excelente factura como en «Quero ciar no tempo: bolboretas de negro», «Este sabor acedo, estas cousas lonxanas» e «Gira, il mondo gira», ou prosas poéticas como a que recrea a memoria da posguerra en «Outra volta de tornelo» e no citado «Chove no verán e alguén, sombra de sombra, volve correndo do Hispano-Argentino».

A ollada amorosa e erótica, que paira sobre todos os libros do autor, adquire agora novos matices máis propios da contemplación, a xeito dun *voyeur* podemos ler versos como os de «A cloudy summer afternoon» e «Variacións sobre dun tema de Herman's Hermits cantado por Los Mustang», neste último e en «Derradeiro guateque» volvendo a facer poesía daquelas festas de baile, música e outros praceres prohibidos para a mocidade dunha época aínda gris.

Tamén a contemplación da propia Neda é máis melancólica, aínda estando no libro de 1983 agora as subidas ao Coto de Ancos levan máis saudade, como sucede en «Procuo subir as tardes ao Coto», «No periquito do Coto a tarde semella un tapiz tan de lavancos como as chalanas no Puntal» ou en «Burning Mountain», cuxa paixón [108] xa se intúe na parodia do título da oscarizada película *Brokeback Mountain*.

E son outros os personaxes individuais que se convocan na nova entrega, versos que nos falan do quiosque onde “Beba pide –no claroescuro– / que, por favor, non falemos de cousiñas tristes”; do tenente Torres da parella da garda civil; das peixeiras (“E o seu cantar: levo xaaaarda, faneeeca, / hai sardiiiiñas, xureeeles); da fruteira Visita (nun poema tamén moi cantareiro e musical); da casa de Isabel e Pepa (dos Foiras) coa reprodución do cadro das Meninas, de Fina Foira e Luís Torres Foira (a quen vai dedicado o conxunto do libro); de Vicente Álvarez Castelo, o fillo de Arsenio e Antofñita; de seu irmán Eduardo a preguntar polas voadoras; de tío Xosé que veu con diapositivas de Italia nos anos cincuenta; da visión dupla de alcohol delirio do Isidro; do piano de Rosalía Álvarez ou das pinturas de Maruxiña Pardo, textos que teñen a súa cimeira no desacougante suicidio narrado en «Para unha cativa que se chimpou da ponte do tren cal un lóstrego en Neda». Recordos persoais que se mesturan coa cor sepia dunha postal na que se poden ollar os «Milicianos na ponte de Xuvia (1940)», unha magnífica peza de artesanato lírico onde o autor amosa a mestría na contención.

Poesía do cotián, da experiencia, mais poesía fermosa para un feliz acontecemento persoal, pois segundo se di no colofón: “Rematou a impresión deste libro o día 17 de xullo

de 2008, data na que o concello de Neda, nomea ao autor Fillo Predilecto”, unha maneira de (re)compensar o que Vicente Araguas leva escrito sobre estas terras e non só na materia lírica, senón tamén nas súas dúas novelas *Agora xa foi* (2000) e *A canción do verán* (2001), mais sempre trascendendo desde os ámbitos local e persoal para o universal literario, como xa fixera James Joyce, ao que cita nestes versos.